

## **ANEXO XV: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE PRÓRROGA DO TEMPO MÁXIMO PARA A PRESENTACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO, NO CURSO 2021/2022**

Establécese o seguinte procedemento para a tramitación de solicitudes de prórroga do tempo máximo para a presentación da tese de doutoramento, no curso 2021/2022:

**PRIMEIRA:** O artigo 26 do Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) establece a posibilidade de que o alumnado de estudos de doutoramento poida solicitar unha prórroga do tempo máximo establecido para a presentación da súa tese de doutoramento.

**SEGUNDA:** Dita prórroga será dun ano para alumnado na modalidade de tempo completo e de dous anos na modalidade de tempo parcial. Cando nun mesmo programa de doutoramento o/a doutorando/a utilizase ambas modalidades de matrícula computarase para todos os efectos a duración dos estudos de doutoramento en termos de estudos a tempo completo, e considerárase que un ano de matrícula a tempo parcial equivale a 0,6 anos de matrícula a tempo completo.

**TERCEIRA:** O alumnado que ten a súa data límite de presentación da tese entre o 1 de abril de 2022 e o 15 de maio de 2023 (pódese atopar esta información na Secretaría Virtual), poderá solicitar a prórroga **entre o 18 e o 29 de abril de 2022**, cando non estea en disposición de presentar a súa solicitude de depósito da tese de doutoramento dentro dos prazos máximos establecidos. Deberá presentar a solicitude a través do formulario que poderá atopar na Secretaría Virtual do Alumnado. A solicitude terá que ser motivada.

**CUARTA:** O perfil autorizado (Director/Titor) informará a solicitude, tamén de forma motivada, **antes do 10 de maio de 2022**, a través da Secretaría Virtual do PDI.

**QUINTA:** A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) autorizará ou non a solicitude, de forma motivada, **antes do 23 de maio de 2022**. Trasladarase unha copia da resolución á secretaria do centro de adscrición para a modificación do expediente do/a alumno/a no programa informático.